

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE O DIA 21 DE ABRIL DE 2016

No Salón de Sesions da Casa do Concello de Moeche, sendo as 20 horas do día 21 de abril de 2016, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. Beatriz Bascoy Maceiras, reunense os Srs./as Concelleiros/as que se citan:

- D. Magin Fernando Lago Tuimil
- D^a Iria Couce Rego
- D. Jose Manuel Soto Sanchez
- D. Juan Carlos Rodriguez Lago
- D. Jorge Gonzalez Aneiros
- D. Aquilino Sueiras Dopico
- D. Rocio Luaces Antón.

Non asisten sen presentar escusa:

- D. Xulio Cribeiro Garcia

Asistidos da Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo, co obxecto de celebrar sesión ordinaria para a que foron previamente citados, constandingo en Secretaría o recibí de citación á sesión por parte de tódolos membros que o compoñen.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, pola Sra. Alcaldesa declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos, conforme á orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES, ORDINARIA DE 18 DE FEBREIRO E EXTRAORDINARIA DE 31 DE MARZO DE 2016

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, prestou a súa aprobación as actas das sesións que se indican:

- Sesión ordinaria de 18 de febreiro de 2016
- Sesión extraordinaria de 31 de marzo de 2016.

2.- DACION DE CONTAS DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Rgto. de O.F. e R.X das Entidades Locais dáse conta o Pleno da Corporación das Resolucións adoptadas pola Alcaldía no período comprendido entre 16 de febreiro e o 18 de abril de 2016, é que son as seguintes

Nº	DATA	DESCRIPCIÓN
25	16-02-2016	Modificación servizo axuda no fogar
26	16-02-2016	Modificación servizo axuda no fogar
27	16-02-2016	Inclusión servizo axuda no fogar
28	16-02-2016	Elaboración inventario de bens
29	16-02-2016	Autorización de asistencia dunha Funcionaria municipal a unha xornada sobre a nova Lei do solo
30	17-02-2016	Iniciación expediente de responsabilidade patrimonial 1/2016
31	17-02-2016	Iniciación expediente de responsabilidade patrimonial 2/2016
32	19-02-2016	Autorización celebración II campionato de andadura
33	22-02-2016	Aprobación padron fiscal abastecemento de auga e sumidoiro, 6º bimestre 2015
34	29-02-2016	Informe solicitude licenza en solo rústico
35	01-02-2016	Solicitude baixa no servizo de recollida de lixo
36	01-03-2016	Solicitude participación no "Plana marco de mellora de camiños municipais"
37	07-08-2016	Baixa definitiva no servizo de axuda no fogar
38	07-03-2016	Modificación da data de celebración da sesión ordinaria da xunta de Goberno
39	08-03-2016	Declaración de bens non utilizables
40	08-03-2016	Aprobación dos marcos presupostarios a medio razo
41	09-03-2016	Inclusión no servizo de axuda no fogar
42	09-03-2016	Modificacions no servizo de axuda no fogar
43	14-03-2016	Autorización de uso do local social de Abade
44	14-03-2016	Autorización de uso do local social de Abade
45	16-03-2016	Declaración caducidade licenza urbanística
46	17-03-2016	Solicitude participación na convocatoria de subvencios para socorrismo
47	21-03-2016	Solicitude subvención para prestación de servizos sociais comunitarios
48	26-03-2016	Aprobación da liquidación do presuposto de 2015
49	28-03-2016	Autorización da celebración da feira do cabalo
50	28-03-2016	Autorización de asistencia de funcionarios municipais a unha xornada formativa sobre a nova aplicación do padrón de habitantes
51	28-03-2016	Aprazamento das reunións das comisións para a determinación dos fitos cos concellos de San Sadurniño e Valdoviño
52	01-04-2015	Anulación recibos de recollida de lixo exercicio 2016
53	06-04-2015	Solicitudes de baixa nos recibos de recollida de lixo
54	12-04-2016	Autorización de uso do local social de Abade
55	13-04-2016	Modificación do proxecto de obra de "Aduación locais sociais e culturais"
56	13-04-2016	Autorización instalación carpa pulperia o día da feira do cabalo

57	15-04-2016	Solicitde subvención para equipamentos culturais
58	15-04-2016	Aprobación padron fiscal abastecemento de auga, 1º bimestre 2016

- A Corporación queda enterada.

3.- CONSTITUCION, SE PROCEDE DA XUNTA DE PORTAVOCES

A proposta da alcaldía, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos sistentes, adoptou o seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Proceder a creación da Xunta de Portavoces, que estara integrado polos seguintes membros

- Presidente.- A da Corporación ou concelleiro/a en quen delegue
- Vocais.- os portavoces dos grupos políticos municipais ou os seus suplentes

SEGUNDO.- A Xunta de portavoces terá carácter de órgano complementario, de carácter consultivo e de colaboración e, e ningún caso pode ostentar competencias resolutorias nin recibir delegacións de ningún órgano municipal

TERCEIRO.- As sesións da xunta de portavoces terán carácter non retribuído.

4.- POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA APROBACIÓN DOS MARCOS PRESUPUESTARIOS A MEDIO PRAZO 2017-2019

De orde da Alcaldía,ponse en coñecemento da Corporación a Resolución nº 40/2016 de 8 de marzo pola que se procede a **APROBACION DOS MARCOS PRESUPUESTARIOS A MEDIO PRAZO**, que literalmente dí:

Tendo en conta A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, no seu artigo 6, no que se establece a obriga de remitir información sobre os marcos presupostarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos presupostos das Entidades Locais.

Esta alcaldía, considerando que carece absolutamente de datos para realizar a previsión sobre a evolución económica do Concello nos vindeiros 3 anos, e vistas as normas para a remisión dos marcos presupostarios, ditadas pola Subdirección Xeral de estudos e financiación das Entidades Locais, que establece que *De acuerdo con el artículo 15.5 de la Ley Orgánica de Estabilidad Presupuestaria, le corresponde al Ministerio de Economía y Competitividad elaborar periódicamente un informe de situación de la economía española. Dicho informe contendrá, entre otras informaciones, la tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto de medio plazo de la economía española, que limitará la variación del gasto de las Administraciones Públicas.* Según o acordo do Consello de Ministros, de data 10 de xullo de 2015, no que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2016- 2018 e o límite de gasto non financeiro do

orçamento do estado para 2016, de 10 de xulo de 2015, estímase para o período 2016 - 2018 como límites o 1,8, 2,2 e 2,6 respectivamente. Por outra banda ao non dispoñer de información sobre o límite de variación previsto no 2019, e ata que o mesmo non se coñeza debe aplicarse a taxa do último ano do período dispoñible : 2,6.

Por esta Alcaldía procede a elaboración dos citados marcos, fixando como incrementos previsibles, tanto en ingresos como en gastos os indicados no devandito acordo como taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto da economía española e considerando, como estimación para o exercicio 2019 o mesmo que o fixado para o 2018, dado que se carece de información algunha para determinar cal pode ser o índice de crecemento do PIB para ese exercicio, deixando claro que se trata dunha previsión os únicos defectos de cumprir a obriga establecida, en consecuencia, esta Alcaldía acorda :

Primeiro.-Aprobar os marcos presupostarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos presupostos das Entidades Locais (período 2017/2019) que se resume no seguinte cadro.

F.2. Datos de previsión económica do Marco (consolidado de Entidades que integran a Corporación Local (AA.PP.). Modelo simplificado (en euros).

Estimación de dereitos / obrigas recoñecidas netas

INGRESOS /GASTOS	ANO 2016	TASA VAR. 2016/2017	ANO 207	TASA VAR. 2017/2018	ANO 2087	TASA VAR. 2018/2019	ANO 2019
Ingresos	1.451.080,00	2,16	1.482.453,76	2,56	1.520.347,57	2,56	1.559.226,62
Correntes	971.580,00	2,20	992.954,76	2,60	1.018.771,59	2,60	1.045.259,66
Capital	454.500,00	2,20	464.499,00	2,60	476.575,98	2,60	488.966,96
Financeiro	25.000,00	0,00	25.000,00	0,00	25.000,00	0,00	25.000,00
Gastos	1.451.080,00	3,05	1.495.409,22	2,53	1.533.301,70	2,54	1.572.179,38
Correntes	930.530,00	2,20	951.001,66	2,60	975.727,71	2,60	1.001.096,63
Capital	495.550,00	2,19	506.401,00	2,60	519.567,43	2,60	533.076,19
Financeiro	25.000,00	52,03	38.006,56	0,00	38.006,56	0,00	38.006,56
Saldo op. Non Finan.	0,00		51,10		52,43		53,80
Axustes para o cálculo de cap. o neces. FinancSEC 95	0,00		0,00		0,00		0,00
Capacidade ou Neces. De Finan.	0,00		51,10		52,43		53,80
Deuda viva a 31/12	130.065,57	0,00	117.059,01	-11,11	104.052,45	-12,50	91.045,89
A curto prazo	13.006,56	0,00	13.006,56	0,00	13.006,56	0,00	13.006,56
A longo prazo	117.059,01	- 11,11	104.052,45	- 12,50	91.045,89	- 14,29	78.039,33
Ratio Deuda viva/Ingresos Correntes	0,13	- 7,69	0,12	- 16,67	0,10	- 10,00	0,09

Segundo.- Do presente acordo darase conta o Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre

- A Coporación queda enterada

5.- POSTA EN COÑECMENTO DA CORPORACIÓN DO PERIODO MEDIO DE PAGAMENTO DO 4 TRIMESTRE DE 2015 E 1º DE 2016

En cumprimento do establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, ponse en coñecemento da Corporación os informes sobre o cumprimento dos prazos de pagamento das obrigacións correspondentes o 4º trimestre de 2015 e o 1º trimestre de 2016 elaborados polos servizos económicos do Concello, dos que se deduce o cumprimento de prazos de pagamento durante eses periodos.

- A Corporación queda enterada

6.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DA IMPOSICION E ORDENACIÓN DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DE OBRAS REALIZADAS POLOS TÉCNICOS COMPETENTES

Visto o expediente instruído para para a imposición da Ordenanza Fiscal reguladora da *taxa pola prestación de servizos de dirección e inspección de obras realizadas polos técnicos competentes*

Visto o informe favorable da Comisión Especial de Contas, adoptado en sesión de data 18 de abril de 2016, a Corporación, por unanimidade dos asistentes adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Aprobar con carácter provisional o establecemento da *taxa pola prestación de servizos de dirección e inspección de obras realizadas polos técnicos competentes* e a aprobación provisional da ordenanza fiscal correspondente cuxo texto se recolle no anexo.

SEGUNDO.-Expor ao público o presente acordo nos lugares sinalados no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por un prazo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.-No caso de que no período de exposición pública non se presenten reclamacións, o que se acreditará por certificación da Secretaría, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedéndose seguidamente á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia en unión do texto íntegro da respectiva ordenanza fiscal.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DE OBRAS REALIZADAS POLOS TÉCNICOS COMPETENTES

Art. 1.-FUNDAMENTOS E NATUREZA

O Concello de Moeche no uso das facultades conferidas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, e de conformidade co que dispoñen os arts. 57 e 20 do Texto Refundido

da Lei Reguladora das Facendas Locais establece a Taxa por Prestación de Servizos, Inspección e Dirección de Obras e de coordinación de seguridade e hixiene que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal,

Art. 2.–FEITO IMPONIBLE

O feito imponible está constituído polos servizos, de recepción obrigatoria, de vixilancia, inspección, dirección de obras e coordinación de seguridade e hixiene no traballo, prestados polos técnicos designados polo Concello legalmente capacitados para asumir a dirección o inspección das obras. A obrigaçión de contribuír por esta Taxa nace coa prestación dos servizos citados e no momento no que os técnicos competentes designados para a dirección da obras presten a súa conformidade ás correspondentes certificacións de obra.

Art. 3.–SUXEITOS PASIVOS

Estarán obrigados ó pago da Taxa que se regula nesa Ordenanza as persoas físicas o xurídicas adxudicatarias ou que executen as obras municipais no que se preste o servizo establecido no artigo 2 desta ordenanza

Art. 4.–RESPONSABLES

Responderán solidariamente das obrigaçións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os arts. 38.1 e 39 de la Lei xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das persoas xurídicas, síndicos, os interventores o liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeneral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 de la Lei Xeral Tributaria.

Art. 5.–BASE IMPOÑIBLE

A Base para a determinación da Taxa estará constituída polo importe da execución material da obra, que será o presuposto de execución material (PEM), segundo o proxecto o memoria valorada aprobado polo Concello incluíndo no caso que sexa necesario, a revisión de prezos e as adquisicións e subministrados establecidos nos proxectos

Art. 6.–TIPOS DE GRAVAME E COTA TRIBUTARIA

O tipo de gravame a aplicar estará en función da base imponible segundo o seguinte cadro.

- Dirección e inspeccion de obra .- 3 % do presuposto de execución material
-
- Coordinación de seguridade e saúde.- 1 % do presuposto de execución material

O importe desta Taxa considerase implicitamente comprendida no beneficio industrial dentro do elemento do custo e concepto de gastos xerais no suposto de que a taxa de honorarios non figure xa determinada no proxecto e en cada certificación como partida independente.

Art. 7.–EXENCIONS E BONIFICACIONS

Dada a natureza deste tributo no se recoñece exención ningunha. A liquidación desta Taxa gozará das bonificacións que legalmente se establezan

Art. 8.–DEVENGO E OBLIGACIÓN DE CONTRIBUIR

Devéngase esta taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento no que a Administración Municipal designa ó técnico competente para dirixir, vixiar e inspeccionar as obras, cuxo devengo se irá materializando a medida que se executa a obra e se certifica polo técnico.

Art. 9.–XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO DA TASA

Unha vez asinado o correspondente contrato de obras practicarase a liquidación da Taxa, o contatista adxudicatario deberá proceder o pago da mesma que terá ingreso na contabilidade presupostaria ou nas correspondentes contas para a adecuada e posterior aplicación definitiva.

Cando se trate de obras dirixidas e inspeccionadas polos técnicos funcionarios ou contratados en réxime de Dereito Laboral, sen dereito o percibo de honorarios, o importe da taxa de honorarios ingresarase no Presuposto Municipal, no suposto de que os técnicos a quen o Concello encomendara a dirección e inspección das obras no sexan empregados da mesma, se procederá ó pago ós técnicos dos importes correspondentes, con retención, a súa vez, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, na forma prevista regulamentariamente no suposto que corresponda.

Art. 10.-INFRACCIONES E SANCIONES

En todo o relativo a certificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a as mesmas correspondan en cada caso, se estará o disposto nos arts. 178 e seguintes da Lei 58/2003 do 17 de Decembro, Xeral Tributaria e así normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno do concello en sesión do día ____ de _____ de 2016, e entrará en vigor unha vez publicada o seu texto integro no BOP e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación

7.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Visto o expediente instruído para para a modificación da Ordenanza Fiscal nº 1 reguladora da *taxa pola expedición de documentos administrativos*

Visto, igualmente, o informe favorable da Comisión Especial de Contas adoptado en sesión de 18 de abril de 2016, o Plevo da Corporación, por unanimidade dos asistentes ACORDA:

PRIMEIRO.-Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal nº 1 reguladora da *taxa pola expedición de documentos administrativos* cuxo texto se recolle no anexo.

SEGUNDO.-Expor ao público o presente acordo nos lugares sinalados no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por un prazo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.-No caso de que no período de exposición pública non se presenten reclamacións, o que se acreditará por certificación da Secretaria, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedéndose seguidamente á súa

publicación no Boletín Oficial da Provincia en unión do texto íntegro da respectiva ordenanza fiscal.

ANEXO

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

- Modifícase o artigo 7º que queda redactado como sigue:

Art 7º.- Tarifa.

A tarifa o que fai referencia o artigo anterior estruturase nos seguintes epígrafes:

Epígrafe primeiro: Censos e Padrón Municipal de Habitantes .

- 1.- Certificacións de empadramento de padróns anteriores.- 4 €
- 2.- Informes e certificacións de residencia,convivencia, dedicación profesional e similares, así como todos os informes non incluídos noutros epígrafes.- 3 €.

Epígrafe 2º.- Certificacións copias e complusas, cotexos e bastanteos:

- 1º.- Certificación de documentos ou acordos municipais
 - Do ano en curso.- 2 €
 - De anos anteriores.- 4 €.
- 2º.- Polo bastanteo de poderes que teñan que surtir efectos nas oficinas municipais.- 15 €.
- 3º.- Por copia de planos existentes no concello:
 - tamaño A4.- 0,20 €/copia
 - Tamaño A3.- 0,50 €/copia
- 4º.- Por fotocopias de documentos alleos o concello
 - tamaño A4:-
 - B/N.- 0,10 €/copia
 - Color.- 0,20 €/copia
 - Tamaño A3.-
 - B/N.- 0,20 €/copia
 - Color.- 0,40 €/copia
- 4º.- Outras certificacións non comprendidas nos epígrafes da presente ordenanza
 - Se require informe técnico.- 12 €
 - Se non precisa informe técnico.- 4 €
- 5º.- Certificación catastral (punto de información catastral)
 - Referida a terreos enclavados no termino municipal de Moeche.- 4 €.
 - Referida a terreos enclavados fora do termino municipal de Moeche.- 15€
- 6º.- Outros informes non comprendidos nos epígrafes da presente ordenanza.-3 €
- 7º.- Cotexo de documentos.- 1 €/copia.

Epígrafe 3º.- Dereitos de exame

- 1º.- Grupo A₁ ou asimilado.- 25 €
- 2º.- Grupo A₂ ou asimilado.- 20 €
- 3º.- Grupo B o asimilado.- 15 €

4º.- Grupo C₁ o asimilado.- 12 €

5º.- Grupo C₂ o asimilado.- 10 €

Epígrafe 4º.- Documentos relativos a servicios urbanísticos

- Certificación calificación urbanística.- 20 €
- Certificación antigüidade das edificacións.- 25 €
- Informes técnicos urbanísticos.- 20 €
- Outras certificacións urbanísticas.- 20 €

Epígrafe 5º.- Outros documentos expedidos polas oficinas municipais:

- 1.-.- Exemplar das ordenanzas fiscais.- 20 €
- 2.- Exemplar dos orzamentos municipais.- 50 €

- Modifícase a disposición final que queda redatada como sigue

Disposición Final:

A presente modificación da Ordenanza fiscal nº 1 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, foi aprobada polo Pleno en sesión de ____ de _____ de ____ e entrara en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa..

8.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POR UTILIZACION DAS INSTALACIONES DEPORTIVAS E ESCOLAS DEPORTIVAS

Visto o expediente que se tramita para a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público *por utilización das instalacións deportivas e escolas deportivas municipais*

Visto o informe favorable da Comisión Especial de Contas, adoptado en sesión de data 18 de abril de 2016, o Pleno, por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte ACORDO :

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público *por utilización das instalacións deportivas e escolas deportivas municipais*, que se inclúe como anexo a presente proposta

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas

TERCEIRO.-No caso de que no período de exposición pública non se presenten reclamacións, o que se acreditará por certificación da Secretaria, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedéndose seguidamente á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia en unión do texto íntegro da respectiva ordenanza.

ANEXO

MODIFICACION DA ORDENANZA Nº 16 REGULADORA DO PRECIO PUBLICO POR UTILIZACION DAS INSTALACIONES DEPORTIVAS E ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Modifícase o artigo 5º que queda redactado como sigue:

Artigo 5º. Bases de imposición e tipos de gravame.

As bases de imposición e tipos de gravame son os comprendidos nas seguintes tarifas:

A) UTILIZACION INSTALACIONES DEPORTIVAS

A-1.- PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Adestramentos	
Equipos federados categorías benxamín, alevín, infantil e cadete:	3€/hora ou fracción
Resto de equipos ou particulares	7,30€/hora ou fracción
Competicións (Tempo máximo de utilización 2 horas)	
Con recadación de entradas:	18,25€/hora
Sen recadación de entradas:	7,30€/hora
Espectáculos deportivos de carácter especial	
Con recadación:	22,05€/hora
Sen recadación:	18,25€/hora
Espectáculos non deportivos (O tempo máximo de utilización é de 5 horas)	
Actos benéficos, culturais e outras actividades alleas ao deporte	367,50€
Actividades con fins lucrativos:	735€

A-2.- PISTAS DE TENIS E PADEL

Adestramentos	
Equipos federados categorías benxamín, alevín, infantil e cadete:	2€/hora ou fracción
Resto equipos ou particulares	2,63€/hora ou fracción
Competicións (Tempo máximo de utilización 2 horas)	
Ata 12 anos:	3,15€/partido
13 -18 anos:	4,72€/partido
Maiores de 18 anos:	6,30€/partido

A-3.- CAMPO DE FÚTBOL CASABLANCA

Adestramentos	
----------------------	--

Equipos federados categorías benxamíns, alevín, infantís e cadetes	3,15€/hora ou fracción
Equipos federados xuvenís e sénior	7,30€/hora ou fracción
Resto de equipos ou particulares	9,45€/hora ou fracción
Competicións	
Categorías benxamíns, alevín e infantís	9,45€/partido
Categorías cadetes e xuvenís	14,70€/partido
Categorías sénior e veteranos	37,80€/partido
Espectáculos deportivos de carácter especial	
Con recadación:	22,05€/hora
Sen recadación:	18,25€/hora
Espectáculos non deportivos (O tempo máximo de utilización é de 5 horas)	
Actos benéficos, culturais e outras actividades alleas ao deporte	735€
Actividades con fins lucrativos:	1.500€

A-5.- CAMPOS DE FÚTBOL 7

Adestramentos	
Equipos federados categorías benxamíns, alevín, infantís e cadetes	1,50€/hora ou fracción
Equipos federados xuvenís e sénior	3,65€/hora ou fracción
Resto de equipos ou particulares	4,70€/hora ou fracción
Competicións	
Categorías benxamíns, alevín e infantís	4,75€/partido
Categorías cadetes e xuvenís	7,35€/partido
Categorías sénior e veteranos	18,90€/partido
Espectáculos deportivos de carácter especial	
Con recadación:	22,05€/hora
Sen recadación:	18,25€/hora
Espectáculos non deportivos (O tempo máximo de utilización é de 5 horas)	
Actos benéficos, culturais e outras actividades alleas ao deporte	367,50€
Actividades con fins lucrativos:	735€

A-6.- PISCINA DESCUBERTA

Cota de entrada pública	
Menores de 3 anos	0€
Infantil -ata 12 anos-	1,5€
Adulto -máis de 12 anos-	2,80€
Aboo tempada	
Infantil individual -ata 12 anos inclusive-	15,00€
Adulto de 13 anos en diante	30,50 €
Familiar -ata 4 persoas- *	58,50
Familiar -a partir da 5ª persoa - *	10€/persoa

* Os usuarios/ás que integren o abono familiar deberán ter unha vinculación directa entre eles, por afinidade ou consanguinidade (avós/ás, pai/nai, fillos/ás, irmán/a)

Alugamento

Piscina completa/hora (máximo 2 horas) agas meses de xullo e agosto	100€
---	------

Piscina completa/día (agas meses de xullo e agosto)	1.500€
---	--------

Cursos de natación

Menores de 14 anos	12 €/mes
--------------------	----------

De 14 anos en diante	18 € mes
----------------------	----------

* os usuarios do bono familiar deberan ter unha vinculación directa entre eles ata o 3º grao de consanguinidade ou afinidade (avós/ás, nai/pai, fillas/os, irmán/a, sobriño/a, nota/o)

B) ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E CURSO DEPORTIVOS

B-1 .- ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

3 horas á semana

Edm maiores de 18 anos e menores de 65:	12 €/mes
---	----------

Edm para menores de 18 anos e maiores de 65:	9 €/mes
--	---------

2 horas á semana

Edm maiores de 18 anos e menores de 65:	10 €/mes
---	----------

Edm para menores de 18 anos e maiores de 65:	6 €/mes
--	---------

1 hora á semana

Edm maiores de 18 anos e menores de 65:	6 €/mes
---	---------

Edm para menores de 18 anos e maiores de 65:	5 €/mes
--	---------

- As escolas deportivas que se realicen como actividades extraescolares no CEIP de San Ramón terán carácter grauito

B-2 CURSOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

Duración	Hasta 16 anos	Maiores de 16 anos
Menos de 5 horas:	3 €	8 €
Entre 5 - 10 horas:	10 €	12 €
Entre 10 -20 horas:	18 €	25 €
Entre 20 -30 horas:	28 €	40 €
Entre 30 -40 horas:	35 €	50 €
Máis de 40 horas:	50 €	60 €

B.3.- ACTIVIDADES PUNTUAIS

Rutas de sendeirismo dentro do municipio:	1€
Saídas dun día:	11 €
Campamentos, viaxes, actividades de aventura de máis dun día:	Determinarase en función do custo da actividade
Suplementos	
Distancia ao lugar de destino superior a 200 km.:	0,03€/qm

B.6.- ACTIVIDADES DE VERÁN

Determinarase en función do custo da actividade, rexéndose pola normativa vixente

B.6.- ACTIVIDADES CONCERTADAS CON OUTRAS ENTIDADES

Naqueles cursos que se concerten con entidades publicas ou privadas para a súa celebración, os participantes deberan aboar as cuantías fixadas pola entidade organizadora dos mesmo

- Engadese o artigo 6-Bis que queda redactado como sigue

Artigo 6º-BIS .- Normas de xestión

1.- Escolas deportivas

1.1.- O inicio e duración de cada escola cultural e deportiva municipal, anunciarase oportunamente nos lugares de costume, facéndose constar no anuncio as escolas deportivas que se ofertan e o seu posible horario, así como o prazo para a presentación de solicitudes de admisión.

1.2.- A solicitude farase no modelo normalizado que se lles facilitará ás persoas interesadas nas oficinas municipais e na páxina web do Concello.

Fóra do prazo que se estableza no anuncio, as persoas interadas poderán presentar as súas solicitudes de admisión, sempre e cando existan prazas na escola ou escolas deportivas por aquelas eleixidas.

1.3.- Rematado o prazo para a presentación de solicitudes de admisión ás escolas deportivas municipais, a Alcaldía aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, que se fará pública no Taboleiro de Anuncios desta Corporación, e concederase un prazo de cinco días hábiles para os efectos de reclamacións, contados a partir do día seguinte a dita publicación.

1.4.-Rematado ese período de exposición, a Alcaldía-presidencia resolverá as reclamacións que se presentasen e aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos. No caso de que non se presenten reclamacións, considerase definitiva a lista provisional.

1.5.- As persoas que presentasen as súas solicitudes de admisión ás escolas deportivas fóra do prazo fixado serán admitidas por resolución da Alcaldía, só no caso de que existiran prazas na escola ou escolas eleixidas polos interesados.

2.- Utilización instalacions

2.1.- A utilización das instalacions deportiva solicitarase no modelo normalizado que se facilitará nas oficinas municipais.

2.2 As instancias para solicitar a utilización das instalacións deportivas presentaranse nas oficinas municipais, polo menos dous días hábiles antes da data de utilización solicitada, e especificarán a data, hora e destino da utilización que se pretende, e serán resoltas polo **Alcaldía, concellería de Deportes por delegación, co informe do monitor deportivo municipal ou encargado**. A autorización outorgarase segundo a orde de presentación de solicitudes, agás que a Alcaldía, por razóns debidamente xustificadas, aplique outro criterio diferente. Adoptada a resolución pertinente, practicarase a notificación **correspondente ás persoas interesada**

3.- Entradas

3.1.- As entradas para a piscina municipal obteranse no denominado “ambigú” situado no acceso á instalación. Os abonos solicitaranse no Concello no modelo normalizado que se facilitará nas oficinas municipais.

3.2.- As entradas para eventos e actos no polideportivo ou outra instalación deportiva municipal adquiriranse no mesmo recinto ou, de ser o caso, na Casa do Concello

- Modifícase o artigo 10º que queda redactado como sigue:

Artigo 10º.- Liquidación e recadación.

O pagamento das liquidacións correspondentes ós espectáculos de carácter non periódico, deberán efectuarse na conta do Concello no “ Banco de Santander” ou “Abanca”, sucursais de Moeche, coa antelación mínima de dous días á súa celebración.

No suposto de usos periódicos, as liquidacións resultantes efectuaranse por meses anticipados e antes do primeiro día do mes ó que correspondan.

A non celebración do espectáculo só dará dereito á devolución do prezo público aboado, cando sexa o propio Concello o responsable da non celebración, non tendo o solicitante dereito a reclamar danos nin prexuízos.

Modifícase a disposición final que queda redactada como sigue

Disposición Final

A presente modificación da Ordenanza reguladora do prezo público por utilización das instalacións deportivas e escolas deportivas municipais, foi aprobada polo Pleno en sesión de ____ de _____ de 2016 e entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

9.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PRECIO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS E A UTILIZACIÓN DE INSTALACIONES MUNICIPAIS PARA ACTIVIDADES CULTURAI

Visto o expediente que se tramita para a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público *pola prestación de servicios e a utilización de instalacións municipais para actividades culturais*

Visto o informe favorable da Comisión Especial de Contas, adoptado en sesión de data 18 de abril de 2016, o Pleno, por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte ACORDO :

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público *pola prestación de servicios e a utilización de instalacións municipais para actividades culturais*, que se inclúe como anexo a presente proposta

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un

prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas

TERCEIRO.-No caso de que no período de exposición pública non se presenten reclamacións, o que se acreditará por certificación da Secretaria, este acordo provisional entenderase elevado automaticamente a definitivo, procedéndose seguidamente á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia en unión do texto íntegro da respectiva ordenanza.

ANEXO

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PRECIO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS E A UTILIZACIÓN DE INSTALACIONES MUNICIPAIS PARA ACTIVIDADES CULTURAIAS

- Modifícase o título pasando a denominarse

ORDENANZA REGULADORA DO PRECIO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS E A UTILIZACIÓN DE INSTALACIONES MUNICIPAIS PARA ACTIVIDADES CULTURAIAS E VECIÑAIS

- Modifícase o artigo 2, que queda redactado como sigue:

Artigo 2º.- Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado pola presente ordenanza as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que procedan á utilización de calesquera instalación municipal así como os participantes e asistentes nas actividades culturais organizadas polo Concello..

A obriga derivase da utilización da instalación ou da participación ou asistencia na actividade de que se trate.

- Modifícase o artigo 4, que queda redactado como sigue:

Artigo 4 Tarifas.

4.1.- As tarifas aplicables serán as seguintes:

1) UTILIZACION DE INSTALACIONES:

1.1.- Cesión de locais a entidades e asociacións para o desenvolvemento das súas actividades

- Cesión de locais municipais a entidades que non teñan ánimo de lucro, teñan a súa sede no Concello de Moeche e que estean inscritas no correspondente Rexistro da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Moeche e teñan como finalidade o ben común dos veciños e veciñas a través das súas diversas manifestacións.-.- Gratuito
- Cesión de locais municipais a entidades que e aínda estando inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Moeche non podan ser consideradas como entidades sen ánimo de lucro.- 20 €/mes
- Cesión de locais municipais a entidades que, aínda que non figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Moeche, nin teñan a súa sede no Concello teñan entidades sen ánimo de lucro e realicen actividades que resulten beneficiosas para os veciños do Concello.- 40 €/mes

1.2- A Pola utilización das instalacións municipais, para a impartición de cursos, seminarios, e outras actividades análogas, por entidades privadas con fines mercantis ou que representen un beneficio económico para quen as organice:

- Actividades concretas e específicas cunha duración dun día.- 25 €
- Organización de cursos e seminarios e outras actividades cunha duración de varios días.- 15 euros/día.

2) ACTIVIDADES

2.A.- Cursos e obradoiros organizados directamente polo concello por persoa:

- Cursos cuha duracion de ata 12 horas.- 6 €
- Crusos cunha duración de 13 ata 25 horas.- 12 €
- Crusos cunha duración de 26 ata 40 horas.- 18 €
- Crusos cunha duración de 41 ata 60 horas.- 25 €
- Cursos cunha duración de 61 ata 75 horas.- 35 €
- Cursos cunha duración de 76 ata 100 horas.- 45 €
- Curas de mais de 100 horas.- 50 €

Estas tarifas terán unha bonificación do 50% para menores de 16 ano, posuidores carne xove e maiores de 65.

2.-B.- Viaxes e excursions organizados polo Concello.- O prezo será fixado polo órgano competente, en función do número de participantes, de xeito que se cubra o custo total do mesmo.

2.-C.- Cursos ou actividades patrocinados polo Concello e concertados con entidades publicas ou privadas para a súa celebración.- Os participantes deberan aboar as cuantías fixadas pola entidade organizadora dos mesmo. Neste caso establecese unha matrícula anual, polo seguinte importe:

- Alumno matriculado nunha actividade.- o 50% do importe dunha mensualidade da actividade.
- Alumno matriculado en dúas actividades.- o 45% do importe dunha mensualidade de cada actividade,.
- Alumno matriculado en tres actividades.- o 30% do importe dunha mensualidade de cada actividade..

3) ENTRADAS EN ESPECTÁCULOS E ACTUACIONES ORGANIZADOS POLO CONCELLO

- Asistencia a eventos que impliquen un gasto de menos de 500 €.- 2 €
- Asistencia a eventos que impliquen un gasto de entre 501 a 2000 €.- 3 €
- Asistencia a eventos que impliquen un gasto de entre 2001 a 3000 €.-4 €
- Asistencia a eventos que impliquen un gasto de máis de 3000 €.-5 €

Estas tarifas terán unha bonificación do 50% para menores de 16 anos, posuidores carne xove e maiores de 65.

- Proxeccións cinematográficas e audiovisuais
- Entrada maiores 16 anos: 2,00 euros
- Entrada sesión infantil: 1,00 euros

4.2 Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas, mediante informe técnico dos Servizos correspondentes, o organo competente, poderá fixar un prezo que non cubra o custe das actividades, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente

- Modifícase o artigo 10, que queda redactado como sigue:

Artigo 10º.- Liquidación e recadación.

O pagamento das liquidacións correspondentes as actividades de carácter non periódico, deberán efectuarse na conta do Concello no “ Banco de Santander ” ou “Abanca”, sucursais de Moeche, coa antelación mínima de dous días á súa celebración.

No suposto de usos periódicos, as liquidacións resultantes efectuaranse por meses anticipados e antes do primeiro día do mes ó que correspondan.

A non celebración da actividade só dará dereito á devolución do prezo público aboado, cando sexa o propio Concello o responsable da non celebración, non tendo o solicitante dereito a reclamar danos nin prexuízos.

- Modifícase a disposición final, que queda redactada como sigue:

Disposición Final_

A presente modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos e a realización de actividades culturais, foi aprobada polo Pleno en sesión de ____ de _____ de 2016 e entrara en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas

10.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DA CESIÓN E USO DOS LOCAIS MUNICIPAIS AS ASOCIACIONES OU ENTIDADES VECIÑAIS .

A proposta da Alcaldía e por unanimidade dos asintnetes, o Pleno da Corporación ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a *Ordenanza reguladora da cesión e uso dos locais municipais as asociacións ou entidades veciñais* nos termos que se recollen no anexo o presente acordo

SEGUNDO. Someter o Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provinciae* taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar a Sra. Alcaldesa para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

ORDENANZA REGULADORA DA CESIÓN E USO DOS LOCAIS MUNICIPAIS AS ASOCIACIONES OU ENTIDADES VECIÑAIS .

O elemento asociativo configúrase na actualidade como clave no proceso de construción dunha sociedade máis participativa e máis democrática e como factor esencial para o progreso social. Por tanto resulta necesaria a participación da cidadanía, a través das entidades veciñais e asociacións que compoñen o tecido asociativo do

noso Concello para preservar e enriquecer a riqueza social e cultural da comunidade, ao mesmo tempo que tratar das cuestións que afecten aos distintos sectores sociais aos que representen.

É neste marco onde o Concello de Moeche desprega a súa acción de fomento do tecido asociativo, solucionando as necesidades das asociacións a través da autorización para o uso especial do dominio público municipal. Preténdese pois promocionar a realización de actividades autoxestionadas de interese social coa cesión, voluntaria e gratuíta, do uso de locais e equipamentos que sexan de titularidade municipal ou, naqueles de titularidade non municipal, sobre os que o Concello posúe algún dereito.

A presente normativa ten como finalidade regular e facilitar ás entidades sociais sen ánimo de lucro unha sede social ou un espazo, onde poidan desenvolver as súas actividades e conseguir os obxectivos expresados nos seus estatutos, ao mesmo tempo que o devandito espazo supoña un punto de encontro para os seus membros e de referencia para a cidadanía en xeral.

Tratándose de bens de titularidade municipal ou sobre os que o Concello posúe algún dereito, susceptibles de ser utilizados por unha pluralidade de asociacións do Concello, correspondelle a competencia exclusiva de decidir quen poderán ser beneficiarios das cesións, atendendo a criterios obxectivos e de dispoñibilidade de espazo.

Correspondelle ao Concello as facultades de tutela e a estes efectos se han de establecer as medidas e normas básicas de organización, sen detrimento de a autonomía que as entidades que os ocupen nese momento poidan ter

Título I. Disposicións xerais.

Artigo 1.- Obxecto.

O obxecto desta Ordenanza é a regulación das cesións temporais dos locais municipais propiedade deste Concello e daqueles sobre os que ostente algún dereito, que se relacionan no ANEXO I da presente ordenanza. Ademais, tamén se regula o uso que deles haxan de facer os particulares ou entidades cesionarias.

As cesións de uso terán por finalidade proporcionar ás entidades sociais un espazo onde poidan desenvolver as súas actividades e conseguir os seus obxectivos estatutarios, sempre con vocación de estabilidade e continuidade.

Artigo 2.- Fins da cesión

A cesión e o uso dos locais deberán estar orientados cara aos seguintes fins:

- Fomentar o uso de lugares comunitarios e de encontro entre a veciñanza, asociacións, colectivos e demais elementos integrantes da vida municipal.
- Propiciar a posta en marcha de actividades culturais, formativas, informativas, educativas e lúdicas que desenvolvan no municipio as distintas asociacións.
- Optimizar os recursos municipais dispoñibles para estas cesións.

Artigo 3.- Tipoloxías de cesión

As cesións serán de dous tipos:

- Cesión de uso con carácter puntual para unha ou varias actuacións concretas.
- Cesión de uso con carácter temporal polo tempo acordado entre as partes.

TÍTULO II. RÉXIME XURÍDICO E ÓRGANOS DECISORIOS.

Artigo 4.- Réxime xurídico

O réxime xurídico establecido en virtude da presente Ordenanza fundaméntase no disposto no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e no non previsto

nos citados textos normativos, estarase ao regulado na lexislación administrativa de carácter xeral que resulte de aplicación.

Artigo 5.- Órganos decisorios. Sen prexuízo das competencias reguladas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, as actuacións relativas ao otorgamento de autorizacións e demais consideracións sobre a utilización dos locais xestionaraas e resolveráas a Alcaldía ou, no seu caso, a Xunta de Goberno Local se actúa con competencias delegadas pola Alcaldía.

TÍTULO III. CESIÓN CON CARÁCTER PUNTUAL.

Artigo 6.- Concepto.

Trátase da cesión de uso dun local municipal realizada con carácter puntual, para unha ou varias actuacións concretas.

Artigo 7.- Beneficiarios da cesión.

7.1.- Esta cesión poderá realizarse a favor de persoas físicas ou xurídicas, que necesiten un local para realizar actividades concretas que teñan que ver coa vida do municipio.

7.2.- Así mesmo, poderanse ceder temporalmente os locais a veciñanza do Concello, para a realización de actividades particulares, as persoas solicitantes deberán pagar a prezo público establecida na Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos e a utilización de instalacións municipais para a realización de actividades

7.3.- A cesión do local para a realización de actividades puntuais, concederase, mediante resolución da Alcaldía, á entidade ou particular solicitante previa presentación de instancia xeral e posterior estudo por parte do Concello de Moeche.

7.4.- No caso de que a actividade a desenvolver teña carácter lucrativo os solicitantes deberán pagar o prezo público establecido na ordenanza vixente na materia.

Artigo 8.- Procedemento de solicitude de cesión de uso de instalación municipal con carácter puntual.

As cesións dun local municipal con carácter puntual deberanse solicitar nas oficinas do Rexistro do Concello de Moeche, presentando un escrito dirixido á Alcaldía, con polo menos 10 días naturais de antelación á data prevista de realización da actividade e será resolto directamente pola Alcaldía, ou o seu suplente legal.

Neste escrito faranse constar os seguintes extremos:

- Apelidos e nome ou razón social do solicitante
- DNI/CIF
- Apelidos, nome e DNI da persoa responsable da actividade
- Actividade a realizar
- Local que se solicita
- Data e horario da actividade
- Persoas asistentes previstas
- Compromiso da persoa solicitante de deixar o local nas mesmas condicións en que o recibiu e facerse cargo de todos os danos que poidan producirse no mesmo como consecuencia da actividade
- No caso de que o solicitante sexa un particular deberase acreditar a veciñanza no Concello, que se compondrá de oficio polo servizos municipais

No caso de que as actividades para realizar teñan unha duración superior a 1 día, deberase presentar o escrito de solicitude cunha antelación de 15 días, de forma que polo Concello poida aprobarse a programación xeral de utilización dos espazos con certa antelación.

O Concello avaliará todas as solicitudes e formulará unha proposta de repartición segundo os locais dispoñibles.

A estos efectos:

- Terán preferencia na concesión de solicitudes aquelas que teñan como finalidade a realización de actividades en beneficio da veciñanza do municipio, que previamente estivesen programadas, fosen periódicas e que estivesen realizadas por asociacións ou entidades incluídas no Rexistro municipal.
- Se soamente se dese unha destas condicións, terá preferencia o tipo de actividade.
- Cando coincidan o tipo de actividade e de solicitante, terase en conta a orde de entrada da solicitude no Rexistro municipal.
- As solicitudes realizadas polos veciños para a realización de actividades de carácter particular só se concederán no caso de que non exista ningunha solicitude de outra natureza, e poderán ser revogadas, cunha semana de antelación a súa celebración, en caso de presentarse algunha solicitude para o uso do local que cumpra os requisitos establecidos no apartado 1, na mesma data e horario

Artigo 9.- Obrigacións dos cesionarios.

As persoas das cesións de carácter puntual deberán cumprir as seguintes obrigacións:

- Pagar, no seu caso, o prezo público establecido na Ordenanza reguladora prezo público pola prestación de servizos e a utilización de instalacións municipais para a realización de actividades. Quedaran exentas desta obrigación as entidades rexistradas no Rexistro municipal de asociacións veciñais, sempre e cando as actividades a realizar señan de interese xeral para a veciñanza
- No caso de que a actividade a realicen menores de idade, sempre haberá unha persoa adulta responsable.
- No caso de certas actividades que necesitan dun seguro específico, deberase indicar expresamente, achegando copia da póliza coa solicitude
- Se existen danos, estes correrán a cargo do responsable da agrupación, entidade ou asociación ou do particular que solicitou a cesión do local.
- O Concello esixirá sempre a existencia dun responsable da actividade que se encargará segundo cada caso de: horarios, recollida do local tras a realización da actividade, limpeza, control de luces, billas, etc. Debe terse en conta que o local deberá quedar en adecuadas condicións para o seu uso por outras asociacións ou particulares.

TÍTULO IV. CESIÓNS CON CARÁCTER TEMPORAL.

Artigo 10.- Concepto

Trátase da cesión de uso dun local municipal realizada cunha duración mínima dun ano, con carácter gratuíto e en precario, sen que en ningún momento poida considerarse que a mesma constitúa dereito económico ou arrendaticio a favor de calquera das partes.

Artigo 11.- Entidades beneficiarias

11.1.-Para acceder ao uso dos locais será condición que a entidade interesada non teña ánimo de lucro, teña a súa sede no Concello de Moeche e que estea inscrita no correspondente Rexistro da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Moeche. Ademais, será necesario que as mencionadas entidades teñan como finalidade o ben común dos veciños e veciñas a través das súas diversas manifestacións

11.2.-Considérase que unha entidade ou asociación non ten ánimo de lucro cando así figura nos seus estatutos e non desenvolve actividade económica ningunha ou, de desenvolvela, o froito desa actividade se destina única e exclusivamente ao cumprimento das finalidades de interese xeral establecidas nos seus estatutos, sen repartición de beneficios, directos ou indirectos entre os seus asociados ou terceiros.

11.3- Excepcionalmente, en caso de que, unha vez resoltas todas as solicitudes, quedasen locais baleiros, poderase ceder o uso a entidades:

- Que aínda estando inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Moeche non podían ser consideradas como entidades sen ánimo de lucro de acordo co indicado no apartado 2 do presente artigo
- Que, aínda que non figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Moeche, nin teñan a súa sede no Concello sexan entidades sen ánimo de lucro e realicen actividades que resulten beneficiosas para a veciñanza do Concello.

Neste suposto as entidades beneficiarias virán obrigadas a pagar o prezo público fixado na Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos e a utilización de instalacións municipais para a realización de actividades para contribuir os gastos de mantemento do local

Artigo 12.- Solicitude e formalización das cesións con carácter temporal.

12.1.- As entidades interesadas na cesión de uso con carácter temporal dun local municipal presentaran no Rexistro do Concello a seguinte documentación:

12.1.1.- Cando a solicitude se realice por primeira vez

- Solicitude de cesión de uso, na que se indicará:
 1. Denominación da asociación
 2. NIF
 3. Nº de inscrición no Rexistro de Entidades Veciñais
 4. Local que desexan utilizar
 5. Finalidades da entidade
 6. Apelidos, nome e DNI da persoa responsable da entidade que actuará como interlocutor do Concello
- Memoria anual de actividades a realizar
- Fotocopia compulsada do DNI do/a representante legal
- Fotocopia compulsada do NIF da entidade

No suposto de entidades que non están rexistradas no Rexistro municipal de asociacións, deberán achegar, ademais a seguinte documentación

- Certificado de inscrición no Rexistro de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia
- Orixinal ou copia dilixenciada dos estatutos da entidade, debendo conter expresamente a súa descrición como entidade sen fins lucrativos e a definición do seu ámbito sectorial e/ou territorial de actuación

12.1. 2.- No caso de renovación, as Asociacións presentara un escrito no Rexistro Xeral do Concello de Moeche no que comunicarán a súa intención de continuar coa actividade, acompañado Memoria anual de actividades a realizar

12.1.3.- Aquelas entidades que non presenten, no prazo indicado a solicitude de renovación entenderase que renuncia ao uso do local, e deberán abandonalo antes do día 31 de decembro do anos correspondente, neste caso poderaselle conceder o uso do local a calquera outra asociación que o solicite

12.1.3.- No caso de que dúas ou máis entidades soliciten o mesmo local, terá prioridade a asociación que xa o viñera ocupando con antelación, e, de non ser o caso priorizarase a antigüidade na inscrición no Rexistro Municipal de Entidades

12.2.- Prazos

- En ambos os casos, a solicitude presentarase durante o mes de outubro.

- A resolución de concesión ou renovación para o uso dos locais a favor das asociacións solicitantes, farase efectiva entre o 1 e o 30 de novembro, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno.
- Durante o mes de decembro asinaranse os convenios de cesión correspondentes. A formalización documentarase no convenio correspondente mediante a firma da Alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue e o representante/presidente/a de a asociación, colectivo ou grupo.

Artigo 13.- Prazo de duración

A cesión terá unha vixencia dun ano renovable previa solicitude por parte do colectivo ou asociación

Polo seu carácter de precario, o Concello de Moeche poderá extinguíla en calquera momento, sendo causa de rescisión do convenio o incumprimento deste nalgunha das súas obrigacións así como o incumprimento dalgún dos artigos que se citán neste documento, sen indemnización, previo requirimento ao interesado cun mes de antelación. Neste caso, con carácter previo á rescisión, o Concello daralle audiencia á asociación para que nun prazo de quince (15) días realice as alegacións que crea conveniente.

Artigo 14.- Dereitos das asociacións cesionarias

O dereito fundamental da asociación cesionaria será o de utilizar e manter en óptimas condicións o local de forma gratuíta e permanente como sede social e para o exercicio dos fins para os que está creada.

Artigo 15.- Obrigacións das asociacións cesionarias

Serán obrigacións da entidade cesionaria no uso do local concedido as seguintes:

1. As entidades beneficiarias só poderán utilizar os locais para aquelas funcións ou actividades que lle sexan propias, atendendo aos seus obxectivos estatutarios. O acordo de cesión ou a autorización de uso poderá regular máis amplamente esta materia naqueles puntos que se estime oportunos
2. Queda prohibido a utilización dos espazos públicos cedidos mediante estes convenios para a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas. No caso de que unha entidade estea interesada en contar con servizo de bar no local obxecto da cesión, deberá solicitalo o Concello para que, unha vez estudada a idoneidade do espazo, se concrete a mellor fórmula que compaxine as necesidades da asociación e o respecto ás normativas correspondentes
3. Cada entidade será responsable directa dos danos e prexuízos ocasionados a terceiras persoas nos espazos cedidos causados polos seus membros e usuarios, ben por acción ou por omisión, dolo ou negligencia, tendo a condición de terceiro o propio Concello.
4. Cada entidade deberá xustificar o ter concertada unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil e tamén os posibles danos ocasionados no inmovible. O acordo de cesión ou autorización de uso; en función do previsible uso, número de asociados, valor do inmovible e outros factores obxectivos; establecerá o valor mínimo que deberá asegurar esta póliza. A Asociación beneficiaria deberá acreditar debidamente o pago da póliza de seguro, cuxos recibos poderán ser requiridos en calquera momento polo Concello. A cobertura mínima a garantir por cada un dos locais cedidos será de 15.000 euros.
5. En ningún caso as entidades beneficiarias poderán ceder o uso do local a outra entidade ou particular
6. A permitir en todo momento ao Concello o exercicio da facultade de seguimento e inspección en canto a vixilancia do cumprimento desta ordenanza, da normativa vixente e do acordo de cesión ou autorización de uso, facilitando o acceso aos diversos espazos e proporcionando a información e documentación que sexa requirida.
7. As entidades beneficiarias deberán comunicarlle o Concello, con copia da acta da reunión correspondente, do cambio de presidencia ou de xunta directiva ou de calquera cláusula dos estatutos que puidese afectar o convenio. Utilización dos locais axustándose sempre á Lei 7/2011, de 5 de abril, de actividades clasificadas e espectáculos públicos e outras medidas administrativas complementarias.
8. Correspndellés ás entidades beneficiarias a conservación e mantemento do local nos termos que sinala o Concello e baixo a supervisión deste.

9. Correspóndelles ás asociacións e colectivos manter en bo estado de hixiene o local cedido e observar a dilixencia debida no seu uso de maneira que non prexudiquen, poñan en perigo nin causen molestias aos outros cesionarios nin aos demais propietarios ou usuarios de vivendas e locais situados no mesmo inmovible ou arredores do local cedido.
10. As asociacións non poderán realizar obras nin reformas nos locais, calquera que sexa a súa clase ou entidade, nin colocar rótulos ou obxectos de ningunha clase na fachada ou interior do local sen autorización expresa por parte do Concello, ao que deberán comunicar, de modo inmediato calquera dano ou deterioración que se ocasione no local e precise de reparación.
11. O Concello non estará obrigado a abonar cantidade ningunha polas melloras que os cesionarios, con autorización expresa do Concello, realicen nos locais.
12. O Concello non dirixe nin presta conformidade ás actividades que se realicen nos locais cedidos.
13. As asociacións non teñen ningunha relación de dependencia co Concello, que non se fai responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos materiais, persoais ou morais que poidan producirse dentro do local.
14. No caso de diferentes locais nun mesmo edificio creárase unha Comisión Coordinadora formada por un integrante de cada asociación entre cuxas competencias estaría o mantemento e limpeza das zonas comúns.
15. Queda expresamente desautorizada a realización de calquera actividade que incumpra as normativas de seguridade e saúde vixentes ou supoña a utilización/almacenaxe de materiais perigosos (produtos inflamables, etc.).
16. Queda expresamente prohibida a venda ou consumo de bebidas alcohólicas, agás o establecido no apartado 2º para a instalación de bares.
17. A reverter ao Concello de Moeche, unha vez extinguido ou resolto o acordo de cesión, o uso dos espazos e bens obxecto da cesión no seu estado orixinario, salvo o desgaste sufrido polo uso.
18. Poderase revogar a cesión dos locais en caso de mal uso, cambio sen motivo da actividade para a que se concede, altercados ou mala conduta, incumprimento das normas reguladoras e en xeral en todos os casos dispostos nesta ordenanza.

Artigo 16- Facultades e obrigas do Concello

16. 1.- O Concello de Moeche poderá exercer en calquera momento a potestade de inspección a que se refire o artigo 16.6. Se do seu exercicio se deriva a comprobación de incumprimentos graves por parte da entidade beneficiaria, o Concello poderá esixir o seu cumprimento ou extinguir a cesión ou autorización de uso.

16.2.- O Concello de Moeche ten as seguintes obrigacións:

- As que se deriven desta Ordenanza e da legalidade vixente.
- As reparacións e reposicións destinadas ao mantemento estrutural do edificio, entendéndose por tal o que afecta á estrutura do edificio, as súas fachadas e cubertas e as acometidas exteriores de servizos; sempre que sexan causa do uso normal e ordinario do centro.
- O pagamento daquelas subministracións que se requiran para o correcto funcionamento das actividades e servizos de interese municipal que se realicen nos centros cedidos no caso das asociacións que cumpran os requisitos establecidos no artigo 11.1.

Artigo 17. Causas de extinción da cesión de uso

17. 1.- O locais obxecto desta ordenanza cederanse por parte do Concello en precario. O precario extinguirase por decisión motivada da Xunta de Goberno Local do Concello, o cal reclamará con dous meses de antelación á entidade beneficiaria mediante o correspondente requirimento.

O acordo de cesión pode extinguirse:

- a) Por finalización do seu termo inicial ou as súas prórrogas.
- b) Por mutuo acordo entre as partes.
- c) Por renuncia da entidade ou por falta de utilización efectiva dos espazos cedidos.

- d) Pola realización permanente ou exclusiva de actividades, servizos ou outros non contemplados no convenio de cesión ou que contravengan a presente Ordenanza, en especial actividades económicas con lucro para particulares.
- e) Por disolución da entidade.
- f) Por necesidade suficientemente motivada de uso do local para a prestación doutros servizos públicos que o requiran.
- g) En todo caso, cando se extinga o dereito que o Concello posúe sobre os bens de titularidade allea, e cuxo uso puido transferir ás asociacións.

17.2.- No caso de que a extinción da cesión ou da autorización de uso veña motivada polos apartados f. ou g. do anterior artigo, o Concello procurará, de mutuo acordo coa asociación afectada, facilitar outro espazo municipal para o desenvolvemento das actividades e/ou servizos que viñan prestando no local obxecto do acordo.

17.3.- A extinción da cesión ou da autorización de uso por calquera das causas citadas non dará dereito á entidade ou asociacións afectadas a ningún tipo de indemnización ou compensación económica.

17.4 .- Unha vez resolto ou extinguido o acordo de cesión ou a autorización de uso, a asociación deberá reintegrarlle ao Concello de Moeche o uso do espazo e bens cedidos no termo máximo de 15 días. En caso contrario será responsable dos danos e prexuízos que poida ocasionar a demora.

TÍTULO VI.- RÉXIME SANCIONADOR.

Artigo 18.- Infraccións

Consideraranse infraccións todas as actuacións dos cesionarios de locais que contravengan as normas establecidas nesta ordenanza e conforme á seguinte cualificación:

Son infraccións leves:

- Todas aquelas que no presente ordenanza non se consideren graves ou moi graves.

Son infraccións graves:

- Causar danos e desfeitas no inmovible ou mobles do local ou dependencias anexas por uso indebido.
- Introducir substancias ilegais nas dependencias.
- Atentar contra a liberdade das persoas, a súa integridade física ou moral.
- A reiteración, polo menos en tres ocasións, na comisión de infraccións leves.
- Realizar actividades que contraveñan a Lei 7/2011, de 5 de abril, de actividades clasificadas e espectáculos públicos e outras medidas administrativas complementarias.

Son infracciones moi graves

- A reiteración, polo menos en dúas ocasións, dunha infracción grave.

Artigo 19.- Sancións.

A aquelas persoas ou grupos que cometan as infraccións tipificadas no artigo anterior, previa instrución do oportuno expediente, imponse as sancións seguintes:

- Infracción leve: multa de ata cincocentos euros (500,00 euros) e privación do uso do local de ata tres meses
- Infracción grave: multa de cincocentos euros e un céntimo (500,01 euros) a mil cincocentos euros (1.500,00 euros) e privación de uso do local de tres meses e un día a dous anos.
- Infracción moi grave: multa de mil cincocentos euros e un céntimo (1.500,01 euros) a tres mil euros (3.000,00 euros) e privación de uso do local de dous anos e un día ata por tempo definitivo.

Disposición adicional. As dúbidas que poidan xurdir na aplicación deste Ordenanza ou sobre aspectos puntuais non regulados no mesmo, serán resoltas pola Xunta de Goberno, previos os informes técnicos e xurídicos que se consideren pertinentes, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a

recurso contencioso-administrativo, conforme ao previsto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, previsto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Disposición final. O presente ordenanza entrará en vigor unha vez transcorridos 15 días hábiles desde a súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia* conforme ao establecido en 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Disposición transitoria.- Aquelas asociacións e entidades que, na actualidade veñan dispoñendo do uso en precario dun local municipal, continuaran gozando do seu uso, nas mesmas condicións que na actualidade, ata o 31 de decembro de 2016, para estes efectos no mes de outubro de 2016 deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Moeche a solicitude prevista no artigo 12.1.1 do presente Ordenanza xunto coa documentación correspondente

Aquelas entidades que non presenten a solicitude no prazo indicado entenderase que renuncian a mesma decaendo en todos os seus dereitos, debendo proceder o desaloxo do local antes do día 31 de decembro de 2016

ANEXO I

RELACION DE LOCAIS

PARA USO PUNTUAL:

1. Local social de Abade
2. Planta baixa do local social de Pereiro

PARA USO TEMPORAL

1. Locais da planta baixa da antiga biblioteca
2. Locais de oficinas do recinto ferial
3. Locais da planta alta do local social de Pereiro

11.- POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACION DA APROBACION DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE 2016 E APROBACIÓN DO PLAN ECONOMICO FINANCIERO

En cumprimento do disposto ns artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, de orde da Alcaldia ponse en coñecemento da Corporación a Resolución da Alcaldia nº 48 /2016 de 26 de marzo pola que se presta **APROBACION DA LIQUIDACION DO PRESUPOSTO DO EXERCICIO 2015** e que presenta o seguinte resultado

Resultado presupostario do exercicio

CONCEPTOS	DER. REC. NETOS	OBRIG. REC NETAS	AXUSTES	RES. PRESUP.
a)Operacions correntes	889.386,67	859.051,08		30.335,59
b) Operacions de capital	567.389,13	629.448,18		-62.059,05
1.Total operacions non financeiras (a+b)	1.456.775,80	1.488.499,26		-31.723,46

c). Activos financeiros				
d). Pasivos financeiros	130.065,55	142.487,66		-12.422,11
2. Total operacions financeiras	130.065,55	142.487,66		-12.422,11
RESULTADO PRESUPOSTARIO DO EXERCICIO (1 + 2)	1.586.841,35	1.630.986,92		-44.145,57
AXUSTES				
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesoureria para gastos xerais			36.833,23	
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio			0,00	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio			684,34	
II TOTAL AXUSTES (II = 3 + 4 - 5)			31.184,89	
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO				-7.906,68

Remanentes de tesoureria

CONCEPTOS	IMPORTES	
		TOTAIS
1.- (+) Fondos líquidos		114.539,56
2.- (+) Dereitos pendentes de cobro		261.561,17
- (+) Do orzamento corrente	254.745,39	
- (+) De orzamentos pechados	2.446,64	
- (+) De operacions orzamentarias	4.369,14	
3.- (-) Obrigas pendentes de pagamento		
- (-) Do orzamento corrente	245.131,87	-276.611,07
- (-) De orzamentos pechados	0,00	
- (-) De operacions orzamentarias	31.479,20	
4.- Partidas pendentes de aplicación		
- cobros realizados pendentes aplicación definitiva	0,00	
+ pagos realizados pendentes aplicación definitiva	0,00	
I.- Remanente de tesoureria total		99.489,66
II.- Saldos de dudoso cobro		(1.815,97)
III.- Exceso de financiación afectada		648,34
REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS		97.025,35

Dado que da liquidación aprobada dedúcese o incumplimento da regra de gasto pola Alcaldía procedeuse a elaboración dun Plan económico-financieiro de acordo co establecido no art. 21.1 LOEPOSF.

En consecuencia e, vista a liquidación do presuposto do exercicio 2016 xunto o Plan económico-financieiro subscrito pola Alcaldía, cuxa necesidade ten a súa orixe na referida liquidación

Resultando que o Plan proposto é conforme o establecido no artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e no artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 17 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de acordo co disposto no devandito artigo, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes **ACORDA**

PRIMEIRO. Quedar enterado da liquidación do presuposto do exercicio 2016 así como do resultado da avaliación da regra de gasto/efectuado pola Secretaría-Intervención mediante Informe de data 11 de marzo de 2016

SEGUNDO. Aprobar o Plan económico-financieiro do Concello, que se inclúe como anexo a presente proposta, nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.

TERCEIRO. A efectos meramente informativos, publicar o Plan Económico-financieiro no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*. Así mesmo, unha copia do Plan encontrárase a disposición do público desde a súa aprobación até a finalización da súa vixencia.»

Plan económico-financieiro
Concello de Moeche (A Coruña)
2016-2017

1. INTRODUCCIÓN

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das entidades locais someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2 /2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).

Entenderase por Estabilidade Orzamentaria das AAPP a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOEPSF, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Igualmente, deberase cumprir co principio de Sustentabilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro de os límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Finalmente, avaliarase o cumprimento da Regra do Gasto, para os efectos que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade (1,30% para 2015)

.Mediante Decreto de Alcaldía de 26 de marzo de 2015 apróbbase a liquidación do orzamento municipal 2015, onde se pon de manifesto o incumprimento da Regra do Gasto. Este feito implica a necesaria formulación dun Plan Económico- Financeiro que permita, ao ano en curso e o seguinte, o cumprimento da regra de gasto, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEPSF.

2. CONTIDO E TRAMITACIÓN

De acordo co artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financieiro conterà, como mínimo, a seguinte información:

a) As causas do incumprimento da regra de gasto.

- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non prodúcense cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extrapresupuestarios en que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

O Plan Económico-Financeiro será presentado, no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación, quen deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses desde a presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento. Ademais, remitirase para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local, e daráselle a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da entidade.

Finalmente, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dará publicidade a os plans económico-financeiros, e á adopción efectiva das medidas aprobadas cun seguimento do impacto efectivamente observado das mesmas.

3. SITUACIÓN ACTUAL

3.1 A liquidación do presuposto municipal 2015 ofrece as seguintes magnitudes:

REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	97.025,35
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	-7.906,68

3.2 En canto o análisis da **ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA**, ol informe de Intervención de data 22 de marzo de 2016 realiza los siguientes cálculos

CONCEPTOS	IMPORTES
Dereitos recoñecidos, capítulos 1 a 7 do orzamento corrente	1.456.775,80
Obrigas recoñecidas capítulos 1 o 7 do orzamento corrente	1.488.499,26
A) Diferencia entre ingresos e gastos	- 31.723,46
1) Axustes recadación capítulo 1	0,00
2) Axustes recadación capítulo 2	2.411,26
3) Axustes recadación capítulo 3	1.782,08
4) Axustes por consolidación de transferencias de outras AAPP	103.179,58
5) Axuste por liquidación PIE 2008	1.953,34
6) Axuste por liquidación PIE 2009	1.719,41
8) Axuste por gastos pendentes de aplicar o presuposto	0,00
9) Axuste por gastos financiados con remanente liquidado de tesoureria	40.240,93
B) Total axustes	151.286,60
C) TOTAL CAPACIDADE DE FINANZAZÓN (A+B)	119.563,14

De este modo, CUMPRE o principio de estabilidade presupostaria de acordo coa definición contemplada no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais

3.3 En canto ao principio de **SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA**, e de acordo co artigo 4 da LOEPSF, utilízanse como indicadores do cumprimento deste principio:

AFORRO NETO (a 31/12/2015)	104.642,38
----------------------------	------------

RÁTIO LEGAL DE ENDEBEDAMENTO (a 31/12/2015)	14,63 %
---	---------

Por unha banda, o Aforro Neto positivo indícanos que os ingresos correntes do Concello son suficientes para facer fronte aos gastos correntes e ás amortizacións de capital dos préstamos concertados.

E pola outra parte, o Concello atópase por baixo do coeficiente do 75% do Cociente Legal de Endebedamento, que privaría da posibilidade de apelar ao crédito para financiar operacións de capital.

De acordo co anterior, CUMPRE co principio de Sustentabilidade Financeira.

3.4 Finalmente, respecto á análise da **REGRA DE GASTO** o Informe de Intervención pon de manifesto o seu incumprimento, de acordo cos seguintes cálculos

En consecuencia do e propón ao Pleno:

Límite de la Regla de Gasto	IMPORTES
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	1.472.484,94
Alleamento terreos	-648,34
2. Axustes SEC (2.015)	-648,34
3. Total empregos non financeiros termos SEC excepto intereses da débeda (1 +/-2)	1.471.836,60
4. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	-742.104,67
5.- Inversions financieramente sostibles financiadas con cargo o superavit	-33.014,28
6. Total Gasto computable liquidacion 2.015	696.717,65
7.- Gasto computable liquidación 2014	518.126,28
8. Taxa de variación do gasto computable (6 x 1,3 %)	524.861,92
9.- Cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recaudación.- Aprobación ponencia de valores IBI rústicos)	35.000,00
10.- Limite de la regla de gasto	559.861,92
11. Diferenza límite da regra de gasto e gasto computable 2.015	136.855,73
% Incremento gasto computable 2014/2.015	34,47%

A). CAUSAS DO INCUMPLIMENTO DA REGLA DE GASTO

As causas do incumprimento da regra de gasto responde a tres razóns fundamentais:

1).- A primeira, e mais importante, ven determinada polo feito de que, por razóns que a Corporación actual descoñece, o ano 2014 foi un ano que poderíamos calificar de “parálisis” na administración municipal cunha falla absoluta de actividade.

Esta inactividade fixo que o gasto computable resultante da liquidación de ese exercicio fose de 518.126,28 € cando o límite da regra de gasto para o mesmo periodo ascendía a 647.458,78 €, unha redución dun 1998 € do gasto autorizable para ese exercicio. Como consecuencia o límite da regra de gasto para o exercicio 2016 ascende a cantidade de 524.861,92 en lugar de 655.875,74 o que sucedería no caso de que o gasto do exercicio 2014 se mantivese nos límites normais dos exercicios anteriores e posterior, cantidade a que sumada 35.000 € pola aplicación da nova ponencia de valores do IBI daría un límite de gasto computable para o exercicio 2015 de 690.875,74.

2).- A aprobación dun expediente de modificación de créditos para a incorporación de remanentes por importe de 3.818,95 €

3).- O pagamento do 50% da paga extraordinaria do persoal municipal en cumprimento do establecido na Resolución do 29 de decembro de 2014 pola que se ditan instrucións para a aplicación efectiva das previsións da disposición adicional 12 da lei 36/2014 de 26 de decembro de presupostos xerais do estado para 2015 e no Real Decreto Lei 10/2015 de 11 de setembro polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estíulo da economía, que ascenden a caidade de 7.043,25 euros.

B) AS PREVISIÓNS TENDENCIALES DE INGRESOS E GASTOS, BAIXO O SUPOSTO DE QUE NON PRODÚCENSE CAMBIOS NAS POLÍTICAS FISCAIS E DE GASTOS.

B.1.- Previsións tendenciais de evolución da ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA

A evolución da estabilidade presupostaria, baixo a hipótese de non producirse cambios nas políticas fiscais e de gastos, é a recollida no cadros seguinte:

EXERCICIO	INGRESOS NON FINANCEIROS	GASTOS NON FINANCEIROS	AXUSTES PROPIA ENTIDADE	CAPACIDADE NECESIDADE DE FINANZAZON
2.015	1.456.775,80	1.488.499,26	151.286,60	119.563,14
2.016	1.482.996,75	1.515.292,25	154.009,76	121.714,26
2.016	1.515.622,68	1.548.628,68	157.397,97	124.391,97

B.2 Previsións tendenciais de evolución da REGRA DE GASTO

EXERC.	GASTO COMPUTABLE LIQ. ANTERIOR	TASA REFERENCIA	AUMENTOS E DIMINUCTIONS	LIMITE REGLA GASTO	GASTO COMPUTABLE LIQUIDACION	CUMPRIMENT/INCUMPRIMENTO REGLA GASTO
2.015	518.126,28	524.861,92	35.000,00	559.861,92	696.717,65	-136.855,73
2.016	696.717,65	709.258,56	0,00	709.258,56	696.717,65	12.540,91
2.017	696.717,65	712.045,43	0,00	712.045,43	696.717,65	15.327,78

B.3 Previsións tendenciais de evolución da SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA

B.3.1 Débeda pública

EXERC	DRN CORRENTE	AXUSTES DF 31 LGPE 2013	DRN AXUSTADOS	DEUDA PDE	COEFICIENTE NDEBEDAMENTO
2.015	889.386,67	0,00	889.386,67	130.065,55	14,62%
2.016	905.293,83	0,00	905.293,83	130.065,55	14,37%
2.017	925.210,29	0,00	925.210,29	117.058,99	12,65%

B.3.2 Aforro neto

EXERC	DEREITOS LIQUIDADOS CAP 1 O 5	OBRIGAS RECOÑECIDAS CAP 1, 2 E 4	ANUALIDADE TEORICA DE AMORTIZACIÓN	AFORRO NETO
2.015	889.386,67	-772.920,14	-11.824,15	104.642,38
2.016	902.727,47	-784.513,94	-11.824,15	106.389,38

2.017	918.037,84	-797.850,68	-11.824,15	108.408,01
-------	------------	-------------	------------	------------

B.3.3 Débeda comercial

EXERC.	DEBEDA COMERCIAL CORRENTE	DEBEDA COMERCIAL PECHADOS	SALDO 413	TOTAL DEBEDA COMERCIAL	PMP
2.015	245.131,87	0,00	0,00	245.131,87	- 4,63
2.016	0,00	0,00	0,00	0,00	- 4,63
2.017	0,00	0,00	0,00	0,00	- 4,63

Dos cadros anteriores despréndese que as previsións tendenciais de ingresos e gastos nos exercicios 2016 e 2017 ,experimentan respecto da anualidade 2015 as seguintes variacións: permanece positivo o aforro bruto e o aforro neto e diminuíndo o capital vivo pendente de amortizar así como o nivel de endebedamento que se sitúa mui por baixo do 75%, mellorando as previsións tendenciais de ingresos e gastos do exercicio 2016 respecto as do 2015 e á súa vez as de a anualidade 2017 optimiza máis as do ano 2017.

C) DESCRICIÓN, CUANTIFICACIÓN E CALENDARIO DE APLICACIÓN DAS MEDIDAS INCLUÍDAS NO PLAN, SINALANDO AS PARTIDAS ORZAMENTARIAS OU REXISTRO EXTRAPRESUPOSTARIOS NOS QUE SE CONTABILIZARÁN:.

As circunstancias que orixinaron o incumprimento de a regra de gasto teñen un carácter puramente conxuntural e ,corríxense de maneira automática no exercicio seguinte, simplemente por non realizar a modificación orzamentaria realizada no exercicio anterior e porque o límite da regra de gasto para exercicios sucesivos calcúlase utilizando como base de cálculo os empregos non financeiros correspondentes ao último exercicio (2015)actualizado por a taxa de referencia autorizada e non sobre os empregos non financeiros pertencentes ao último exercicio cumpridor.

En definitiva estase ante unha situación conxuntural que non precisa de a adopción de medidas estruturais previstas na L.O.u. 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e a medida consiste na aprobación liquidación do orzamento do exercicio en situaciónde equilibrio orzamentario e dentro de avariación do gasto computable.

D) VARIABLES ECONÓMICAS E ORZAMENTARIAS DAS QUE PARTE O PLAN, ASÍ COMO OS SUPPOSTOS SOBRE OS QUE SE BASEAN ESTAS PREVISIÓNS

As variables economicas e orzamentarias das que parte o plan son as establecidas polo Consello de Ministros, en Reunión de 27/06/2014 que establece que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española que queda fixado nas seguintes contias:

- Ano 2015.- 1,3 %
- Ano 2016.- 1,5 %
- Ano 2017.- 1,7 %

E) ANÁLISE DE SENSIBILIDADE CONSIDERANDO ESCENARIOS ECONÓMICOS ALTERNATIVOS.

A tenor do sinalado no presente plan económico-financeiro, non é necesario facer escenarios alternativos e por tanto unha análise de sustentabilidade, en consecuencia tampouco se require a adopción de ningunha das medidas

sinaladas no art. 116.bis) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, precepto incorporado por a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local.

12.- APROBACION, SE PROCEDE, DUNHA DECLARACION INSTTUCIONAL SOBRE O PACTO UE-TURQUIA

O Pleno da Corporación, con CINCO (5) votos a favor, e TRES (3) abstencions dos srs/a Gonzalez Aneiros, Sueiras Dopico e Luaces Anton, prestou a súa aprobación a declaración institucional que se transcribe de seguido:

Declaración institucional en relación ao recente Acordo entre a Unión Europea e Turquía sobre a expulsión colectiva das persoas refuxiadas en Europa

O pasado 7 de marzo de 2016 asinábase en Bruxelas, no marco do cumio entre a Unión Europea e a República de Turquía, un acordo relativo á relocalización, devolución e confinamento en territorio turco e noutros países non comunitarios, de aproximadamente 160.000 persoas refuxiadas actualmente en tránsito en países membros da Unión Europea por mor dos conflitos armados e das inestables posguerras (Siria, Iraq, Afganistán), así como doutros problemas de pobreza, disparidade económica e de desenvolvemento. A cambio, a UE comprometeuse a acelerar os mecanismos de negociación e futura adhesión turca ao organismo comunitario, da execución de visados na Zona Schengen para a cidadanía turca e da concesión de créditos a Turquía, valorados en 3.000 millóns de euros, ampliábles a outros 3.000 millóns a partir de 2018. A propósito do acordo suscrito, o **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade emite esta declaración institucional de denuncia á aplicación deste acordo vixente desde o pasado 20 de marzo e o Concello de Moeche, como membro do Fondo Galego de Cooperación e Solidriedade, súmase e asume esta declaración institucional como propia.**

Neste sentido, o Concello de Moeche anuncia a súa vontade de adherirse aos 11 puntos emanados do texto emitido o pasado 15 de marzo de 2016 por parte do Congreso dos Deputados do Estado español, aprobado por absoluto consenso por parte das forzas políticas parlamentarias, no que se expresa o rotundo rexeite *“á adopción de calquera acordo con Turquía que estableza, expresa ou indirectamente, a posibilidade de proceder a expulsións colectivas a territorio turco ou a calquera Estado non membro da UE”*.

Este texto enfatiza na necesidade de que o acordo entre a UE e Turquía *“conteña garantías no cumprimento da legalidade internacional e do respecto aos dereitos humanos”*, tomando en conta que o mesmo viola sistematicamente tanto a propia normativa comunitaria en materia de asilo e outros dereitos humanos, así como a Convención de Xenebra en materia de refuxiadas/os (1951), non sendo o seu protocolo suscrito por Turquía ata agora. Neste apartado, o goberno turco só recoñece como persoas refuxiadas á cidadanía europea, non así á poboación siria ou afgá. Reiterando o seu compromiso pola defensa e preservación das liberdades e dos dereitos humanos, da solidariedade, de cooperación e do combate dos factores orixinais que inciden nestas crises humanitarias, o Concello de Moeche emite, a través desta declaración institucional, a súa posición de rexeitamento a este acordo, reafirmando os postulados de declaracións anteriores (8 de setembro e 16 de novembro de 2015), redactadas a propósito da crise das persoas refuxiadas sirias e africanas e dos atentados terroristas de París, ampliable agora tamén aos recentes atentados en Bruxelas. O Concello de Moeche amosa a súa repulsa ante calquera acto terrorista e inxerencia bélica levados a cabo en calquera lugar do mundo.

O Concello de Moeche considera que:

1. Desde o 2014 a guerra de Siria é responsable do maior movemento de persoas refuxiadas desde a Segunda Guerra Mundial. A parálise institucional desde aquela altura na Unión Europea (UE) e nos

seus Estados membros, produto dos xogos de guerra e xeopolítica, afondaron unha crise de persoas refuxiadas que se alimenta non só do conflito sirio, senón tamén do iraquí ou palestino. Conflitos enquistados onde a participación occidental ten sido abertamente recoñecida, se non promovida. Por tanto, interpreta que a actual crise humanitaria é claramente unha consecuencia da implicación dos intereses xeopolíticos por parte dos centros de poder establecidos nos países desenvolvidos, en particular do que coloquialmente se considera como Occidente (EUA e Europa Occidental), así como doutros con importantes intereses estratéxicos en Oriente Próximo e o espazo euroasiático (Rusia).

2. É por tanto evidente que, ante o agravamento da violencia armada en Siria, particularmente visible trala intervención militar rusa (setembro de 2015, parcialmente finalizada en marzo de 2016) e francesa (a partir de setembro), as persoas refuxiadas vense na obriga, inalterable e inevitable, de fuxir e buscar un futuro mellor fóra do seu propio fogar. Pero non é só a guerra en Siria, senón tamén o caos libio e o impacto doutros conflitos armados como o que vive Iemen, que conta coa implicación dun aliado occidental como Arabia Saudita, a través do Consello de Cooperación para os Estados Árabes do Golfo Pérsico. En febreiro, os bombardeos sauditas en Iemen causaron milleiros de vítimas mortais dentro da poboación civil, sendo máis de 500 deles nenas e nenos, unha acción case absolutamente silenciada nos medios informativos occidentais, a diferenza da cobertura mediática dos recentes atentados de París e Bruxelas.

3. Rexeitamos, por tanto, a velada caracterización por parte de determinados sectores da opinión pública europea, no cometido de cualificar ou etiquetar globalmente ás persoas refuxiadas como “potenciais terroristas” ou hipotéticas portadoras de sementes de violencia e radicalización cara Europa, cando é de sobra coñecido que os verdadeiros terroristas funcionan a través de células ben organizadas (a maioría delas xa radicadas en territorio europeo) e que se trasladan e comunican por outros medios.

4. No cometido da crise humanitaria derivada das/os refuxiadas/os sirias/os, resulta inquietante observar a proliferación de medidas restritivas e punitivas en materia de libre circulación de persoas, peche de fronteiras e maltrato aos dereitos humanos das persoas refuxiadas por parte de determinados gobernos europeos (Hungría, Eslovaquia, Polonia, etc), que violan sistematicamente diversos principios fundamentais da UE e da libre mobilización dentro do espazo Schengen, co silencio e beneplácito do resto dos países que a integran. Así mesmo, hai que facer unha mención especial á situación das nenas e mulleres en tránsito, por estar sendo sometidas a vexacións e violencia sexual como pasaporte para entrar en Europa, segundo teñen denunciado diversas organizacións non gobernamentais. Cabe mencionar tamén os 10.000 menores desaparecidos nesta fuxida cara Europa, vítimas do tráfico de persoas, sen que as institucións europeas teñan tomado partido nesta problemática.

5. Igualmente, resulta de enorme preocupación o ascenso político e electoral de partidos e movementos xenófobos e antiinmigración, como o acaecido co partido Alternative für Deutschland (“Alternativa para Alemaña”) nas eleccións realizadas en tres *länder* alemás o pasado 14 de marzo, motorizados pola crise das persoas refuxiadas.

6. Diante desta situación, o Fondo Galego (expresión organizada do municipalismo galego comprometido cos Dereitos Humanos desde o 1997) visibiliza o drama humanitario permanente nas fronteiras, particularmente nas europeas, denunciando as gravísimas vulneracións de Dereitos Humanos coas persoas migrantes, xa sexan refuxiadas ou non. Hoxe hai no mundo máis de 50 millóns de persoas refuxiadas: na República Centroatricana, Sudán do Sur ou Congo, entre os países máis devastados. Cando a crise humanitaria actual saia da axenda televisiva, as persoas refuxiadas seguirán aí.

7. O Concello de Moeche insta a intensificar unha campaña masiva de difusión e de información sobre esta trágica realidade, a das persoas refuxiadas e as crises humanitarias, así como a procrear un debate plural e obxectivo sobre as raíces da violencia e do terrorismo.

8. Este debate plural define o obxectivo de fomentar un discurso crítico coa reprodución narrativa realizada por parte dos principais *mass media* sobre as causas do terrorismo e súa implicación nos conflitos armados, moitas delas caracterizados pola conveniencia de reprodución dun imaxinario colectivo que reafirme e lexitime os intereses xeopolíticos dos principais centros de poder, principalmente á hora de actuar militarmente no terreo. As raíces e emanación do terrorismo non é só o Estado Islámico entre Siria e Iraq, é tamén o grupo Boko Haram entre Nixeria e Camerún. Non é só o terrorismo yihadista salafista, é tamén a utilización de mercenarios por parte de empresas privadas de seguridade, moi prolíficas nas posguerras de Afganistán e de Iraq. Non é só Al Qaeda e outras redes terroristas, son tamén a intervención militar unilateral, ilegal e ilexítima, en diversos escenarios de conflito, así como as disparidades socioeconómicas e de desenvolvementos, reproducidas por mor da imposición dun modelo único.

9. O Concello de Moeche súmase a reacción do municipalismo galego e, particularmente, daquelas entidades sociais que no seu momento abriron as portas dos seus Concellos ás persoas refuxiadas e que, no contexto actual, amosan expresións públicas de rexeite e denuncia contra este acordo UE-Turquía. Cómpre reflexionar sobre a capacidade crítica e mobilizadora dos poderes descentralizados: temos moito que dicir neste mundo para promover a paz e a xustiza global.

10. O Concello de Moeche solicita á Unión Europea unha posición de maior firmeza e celeridade para acometer a crise das persoas refuxiadas, non utilizando pactos e acordos con Estados non membros como Turquía, que sirvan de especies de “policías fronteirizos” capacitados para frear o fluxo de refuxiadas/os, principalmente dende Siria e Iraq. Compre así fomentar medidas eficaces de promoción da paz e solución de conflitos: solicitamos compromisos serios e non oportunistas coa Declaración de Dereitos Humanos.

13.- ACTIVIDADE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO

Aberta a quenda de rogos e preguntas fórmulanse as seguintes

D. Rocio Luaces Antón

- Pregunta como se vai a levar a cabo a separación na nave das ovellas entre a parte que se oferta para a concesión administrativa e a parte que e reserva o concello. Resposta a **Sra. Alcaldesa** dicindo que o ideal sería unhas portas corredoiras hasta unha altura e por riba bloque.
- Manifesta a desconformidade do grupo municipal do Partido Popular cos prezos fixados para a concesión da nave do polbo e da nave das ovellas por entendelos excesivos. Resposta a **Sra. Alcaldesa** dicindo que o prezo ten que partir da valoración das naves e que para eso se solicitou unha valoración o un perito, que a pesar de todo, e como o prezo que salía era moi elevado, baixouse, pero que o Concello leva perdido moitos cartos con esas naves e non se pode dilapidar o carto público nuns negocios particulares os gastos de luz da feira superan os 1000 € mensuais, en canto o prezo 600 m/2 a 0,50 céntimos m/2 non o considera excesivo, continua a sra. Alcaldesa indicando que era necesario legalizar a situación, e que cando o grupo municipal do BNG, na lexislatura anterior, propuxo que se legalizara a situación e se cumprira a lei de contratos do estado houbo concelleiros que votaron en contra de cumprir a lei,

D. Aquilino Sueiras Dopico

- Pregunta que vai a pasar si non se presenta ningunha oferta as convocatorias de concesión dos locais, resposta a **Alcaldesa** dicindo que se se dera o caso habería que ver que medidas se toman, pero que o Concello tampouco dispón de ningunha nave para facer algunha actividade os días de feira así que tampouco estaría de mais ter unha nave a disposición do concello

D. Rocio Luaces Antón

- Manifesta a conformidade do seu grupo co convenio subscrito co Concello de San Sadurniño para a implantación dunha aula da rede CEMIT, pero engade que tamén lles parecería oportuno que se impartisen cursos de idiomas - inglés, alemán, galego.. - Nivel baixo medio e avanzado para rapaces e adultos o que, entre outras cousas, beneficiaría os veciños que esta a buscar emprego. Resposta a Sra. Alcaldesa dicindo que comparte a proposta e que habería que mirar as posibilidades que hai, o último curso de inglés que se fixo custou 2.800 € e viñeron 10 persoas, saíu a 280€/persoa, non se pode adicar toda a subvención que nos dan para actividades culturais para iso, en canto os curso de galego para obter o CELGA fan falla polo menos 25 persoas para poder organizalos e aquí intentouse varias veces e nunca se xuntou o numero necesario de asistentes

E, non habendo mais asuntos que tratar polo Presidente levantase a sesión sendo as 20 horas e 55 minutos do día indicado no encabezamento. Do que eu, Secretaria CERTIFICO

Vº e Pz
A ALCALDESA

A SECRETARIA

Asdo. Beatriz Bascoy Maceiras